



Concello de Bueu
Rúa Eduardo Vincenti, 8
36930 Bueu

Exp.: 1794/20
Promotor: Concello de Bueu
Asunto: rexeneración do entorno da igrexa de Ermelo (Fase II)
Situación: Ermelo (Bueu)
s/ref.: exp. 1030/2020

ANTECEDENTES

- 1 Concello de Bueu promove o expediente de rexeneración do entorno da igrexa de Ermelo (Fase II), no concello de Bueu.
- 2 De acordo co artigo 3.a do Decreto 93/2017 de 14 de setembro, polo que se regula a composición e funcionamento dos consellos territoriais de Patrimonio Cultural de Galicia, do Consello Asesor dos Camiños de Santiago e da Comisión Técnica de Arqueoloxía, considérase que non é preciso o informe preceptivo previo do Consello Territorial de Patrimonio Cultural.
- 3 Con data 9 de decembro de 2020 emítese informe técnico de arqueoloxía que di o seguinte:

“(…)

MOTIVACIÓNS

A Lei 5/2016 de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia ten por obxecto a protección, conservación, acrecentamento, difusión e fomento do patrimonio cultural de Galicia.

No artigo 39 desta Lei 5/2016 sinalase que [...] As intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como, de ser o caso, no seu contorno de protección ou na súa zona de amortecemento, terán que ser autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural, coas excepcións que se establecen nesta lei... [...].

No artigo 96 desta mesma Lei, tamén se sinala que [...] A realización de obras de edificación ou calquera outra actuación que comporte a remoción de terras nunha zona arqueolóxica ou no seu contorno requirirá a previa autorización da consellería competente en materia de patrimonio cultural [...].

A intervención obxecto de informe sitúase no Núcleo de Ermelo (B-93), na área de protección da Igrexa e Mosteiro de Ermelo (GA36004014), do Conxunto parroquial de Santiago de Ermelo (R-09), da Fonte de Ermelo (L-38) e da Cruz sobre o muro dunha casa (C-28), bens catalogados segundo o Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) do Concello de Bueu (aprobado definitivamente o día 22.09.2017, e publicado no DOG nº196 o 16.10.2017).

No artigo 45.1 de citada lei indícase que [...] As intervencións que se realicen no contorno de protección dos bens declarados de interese cultural e catalogados deberán contar coa autorización da consellería competente en materia de patrimonio cultural cando teñan por obxecto: a) Novas construcións e instalacións de carácter definitivo ou provisional; b) As intervencións de calquera tipo que se manifesten cara ao espazo exterior público ou privado das edificacións existentes; c) As actuacións que afecten a estrutura parcelaria, os elementos configuradores característicos da estrutura territorial tradicional, os espazos libres e a topografía característica do ámbito, incluídos os proxectos de urbanización; d) A implantación ou os cambios de uso que poidan ter incidencia sobre a apreciación dos bens no territorio, incluídas as cortas e as repoboacións forestais; e) As remocións de terras de calquera tipo no contorno de protección dos bens integrantes do patrimonio arqueolóxico[...].

O tipo de obras solicitadas implican a realización de movementos de terras para a instalación de diversas canalizacións e posterior pavimentación, dentro da área de protección da Igrexa e Mosteiro de Ermelo, co código arqueolóxico GA36004014. Para dita Igrexa, diferentes epígrafes documentados ata o momento sinalan unha orixe prerrománica, a cal foi reedificada nos séculos centrais do románico, e con mosteiro. O actual templo é posterior, pero vistos os antecedentes que presenta, non se descarta a posible aparición de restos medievais ca execución das obras proxectadas.





Ademais, tendo en conta que na Fase I das obras xa foi preciso realizar o seu control arqueolóxico, documentándose restos de interese patrimonial, consideramos que esta Fase II debe estar tamén condicionada á supervisión arqueolóxica. Cómpre sinalar que as referencias orais en canto a un vello camiño lousado no ámbito, foron corroboradas ca súa documentación nas intervencións arqueolóxicas da Fase I.

Por último, para unha correcta execución da actuación solicitada, tamén debe cumprirse cos Criterios específicos de intervención no contorno de protección que sinala o artigo 46 desta mesma lei: [...] 1. O contorno de protección debe manterse cos seus valores ambientais, polo que as intervencións que se realicen nel deben resultar harmoniosas coas condicións características do ámbito. Deberán procurar a súa integración en materiais, sistemas construtivos, volume, tipoloxía e cromatismo, así como garantir a contemplación adecuada do ben. 2. En concreto, teranse en conta os seguintes criterios [...]: a) Procurarase evitar os movementos de terras que supoñan unha variación significativa da topografía orixinal do contorno. b) Procurarase a súa compatibilidade cos elementos configuradores da estrutura territorial tradicional, como son a rede de camiños, os muros de peche, as sebes, as tapias, os noiros e outros semellantes. [...] d) Manteranse preferentemente a estrutura e a organización espacial do contorno, coa conservación xeral das aliñacións e rasantes. [...].

Neste senso cómpre que as actuacións a realizar nesta Fase II manteñan as mesmas características, criterios e condicións que os seguidos na Fase I.

CONCLUSIÓNS

*Estudada a documentación presentada e tendo en conta a normativa citada e as características dos bens afectados, conclúese que as obras solicitadas, sen prexuízo de terceiros e do cumprimento do resto do ordenamento vixente, son **COMPATIBLES** coa protección do patrimonio, co cumprimento das seguintes condicións:*

- Posto que a actuación solicitada implica movementos de terras nun ámbito onde poderían documentarse restos medievais vencellados a antiga igrexa e mosteiro de Ermelo e/ou ó vello camiño lousado, considérase necesario levar a cabo o seu control arqueolóxico. Polo que, previamente ao inicio das obras solicitadas, será presentado para a súa autorización pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, un Proxecto de Control arqueolóxico, realizado por técnico/a arqueólogo/a competente, de acordo co establecido polo Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.*
- As obras non poderán iniciarse ata que se obteña a correspondente autorización.”*

- 4 Con data 9 de decembro de 2020 emítense informe técnico de arquitectura que di o seguinte:

“(…)

MOTIVACIÓNS

A Lei 5/2016 de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia ten por obxecto a protección, conservación, acrecentamento, difusión e fomento do patrimonio cultural de Galicia.

A intervención obxecto de solicitude sitúase no núcleo de Ermelo (B-93), na área de protección da Igrexa e Mosteiro de Ermelo (GA36004014), do Conxunto parroquial de Santiago de Ermelo (R-09), da Fonte de Ermelo (L-38) e da Cruz sobre o muro dunha casa (C-28), todos eles bens catalogados segundo o Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) do Concello de Bueu, aprobado definitivamente o día 22.09.2017, e publicado no DOG nº196 o 16.10.2017.

Conforme o establecido nos artigos 39 e 45 da Lei 5/2016 as obras propostas deberán contar coa autorización da consellería competente en materia de patrimonio cultural, téndose en conta para a súa avaliación os criterios establecidos no artigo 46 da devandita Lei e na Guía de boas prácticas para a intervención nos núcleos rurais, editada no ano 2013 pola Consellería de Medioambiente, Territorio e Infraestruturas, que recolle criterios de ordenación e intervención no medio rural.

Propónse a rexeneración do entorno da Igrexa de Ermelo, mediante a urbanización de dúas rúas de acceso á Igrexa, executando instalacións e pavimentos. A actuación dará continuidade ás obras executadas na fase I no ámbito máis próximo á Igrexa, utilizando o mesmo tipo de pavimentos e solucións construtivas.

Os viarios nos que se pretende intervir presentan un ancho irregular, con superficies asfaltadas, de uso mixto para peóns e vehículos., mentres que no ámbito da fonte existe un pavimento de formigón.

A intervención contempla a pavimentación das rúas con lastros de granito en cor gris e con lastros cor tostado na zona próxima á Fonte, con dúas franxas laterais de lousas de granito de 60x40 cm. e unha franxa de amortecemento de 30 cm. executada con céspede nos tramos en que existen muros de carácter tradicional; e a execución de instalacións, condutos, pozos e arquetas enterrados, e dos elementos superficiais relacionados con elas, como sumidoiros e tapas de pozos e arquetas que se executarán con armazón de aceiro galvanizado e recheo lastros.

Propóñense ademais certas melloras, que se valorarán na baremación das plicas que se presenten, consistentes na execución de instalación pública de iluminación mediante rede enterrada e farois de 7,5 metros de altura, compostos por columna e brazo pintados en cor RAL 8017.

Dende o punto de vista da protección do Patrimonio, a intervención contribúe a mellora de contorna patrimonial e paisaxística, considerándose axeitada.





CONCLUSIÓNS

Estudada a documentación presentada e tendo en conta a normativa citada e as características dos bens afectados, conclúese que as obras solicitadas, sen prexuízo de terceiros e do cumprimento do resto do ordenamento vixente, son COMPATIBLES coa protección do patrimonio.”

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- 1 É de aplicación na tramitación e resolución do presente expediente o disposto nas seguintes disposicións normativas:
 - Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
 - Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
 - Decreto 199/1997, do 10 de xullo polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia, modificado polo Decreto 93/2017 de 14 de setembro, polo que se regula a composición e funcionamento dos consellos territoriais de Patrimonio Cultural de Galicia, do Consello Asesor dos Camiños de Santiago e da Comisión Técnica de Arqueoloxía.
 - Decreto 93/2017 de 14 de setembro, polo que se regula a composición e funcionamento dos consellos territoriais de Patrimonio Cultural de Galicia, do Consello Asesor dos Camiños de Santiago e da Comisión Técnica de Arqueoloxía.
 - Decreto 198/2020, do 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (DOG nº 242 do 1 de decembro).
 - As demais normas de aplicación, en concreto a lexislación vixente do solo de Galicia (Lei 2/2016, do 10 de febreiro) en relación coa protección e a conservación do patrimonio cultural.
- 2 A intervención para a que se solicita autorización preténdese realizar na área de protección da igrexa e Mosteiro de Ermelo (GA36004014), do Conxunto parroquial de Santiago de Ermelo (R-09), da Fonte de Ermelo (L-38) e da Cruz sobre o muro dunha casa (C-28), bens catalogados no planeamento municipal do concello e por tanto, segundo o establecido na disposición adicional segunda da Lei 5/2016, do patrimonio cultural de Galicia, forman parte do Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia. En consecuencia, de acordo co art. 39 da devandita lei, precisa da previa autorización da Consellería de Cultura.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio da competencia que me atribúe o Decreto 198/2020, do 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (DOG nº 242 do 1 de decembro) e conforme ao disposto no acordo do 2 de decembro de 2020, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, polo que se delega a firma nos titulares dos servizos de Coordinación Cultural das xefaturas territoriais da Consellería de Cultura, Educación e Universidade o exercicio de determinadas competencias, e á vista do informado polos servizos técnicos e sen prexuízo de calquera outra autorización esixida pola lexislación vixente,

RESOLVO

Autorizar a rexeneración do entorno da Igrexa de Ermelo (Fase II), concello de Bueu, coas seguintes condicións:

- Posto que a actuación solicitada implica movementos de terras nun ámbito onde poderían documentarse restos medievais vencellados a antiga igrexa e mosteiro de Ermelo e/ou o vello camiño lousado, considérase necesario levar a cabo o seu control arqueolóxico. Polo que, previamente ao inicio das obras solicitadas, será presentado para a súa autorización pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, un Proxecto de Control arqueolóxico, realizado por técnico/a arqueólogo/a competente, de acordo co establecido polo Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.
- As obras non poderán iniciarse ata que se obteña a correspondente autorización.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Cultura e Turismo no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa recepción, de acordo cos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Mediante este documento notificase ao Concello de Bueu esta resolución segundo o esixido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A directora xeral do Patrimonio Cultural
p.d.: Acordo do 02-12-2020
A xefa do Servizo de Coordinación Cultural
M^a José Echevarría Moreno





XUNTA DE GALICIA
DELEGACIÓN TERRITORIAL
DE PONTEVEDRA
Xefatura Territorial da Consellería de
Cultura, Educación e Universidade

María Victoria Moreno, 43 – 6º
36003 Pontevedra
Tlf. 986 805 543 – fax 986 805 548
coordinacion.cultura.pontevedra@xunta.gal
<http://cultura.xunta.gal>

galicia

